



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

## Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a instancia da deputada **María do Carme Adán Villamarín** e do deputado **Francisco Xesús Jorquera Caselas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición Non de Lei para o seu debate en Comisión.

Nas actuais negociacións do novo Plan de Carbón 2013-2018, o Goberno Central está trasladando aos axentes sociais a súa intención de que a nova lexislación enerxética que, en principio, está previsto aprobar o próximo 5 de xullo polo Consello de Ministros, contemple un tratamento específico para o carbón español en detrimento do carbón importado. Por este motivo, as dúas centrais térmicas galegas, que logo da espoliación do noso carbón, consumen carbón importado, no escenario previsto polo Ministerio de Industria, deberían minorar a súa produción.

Cómpre que lembremos a importancia do sector enerxético en Galiza e os golpes recibidos nos últimos tempos por decisións políticas, como a eliminación de primas no sector das renovábeis e a suspensión do rexistro de preasignación que, entre outras afectacións, supuxo a práctica eliminación das fábricas do sector eólico; tamén a modificación da interrumpibilidade que pode provocar o peche de Megasa e, agora, esta nova medida que pretende o Goberno, dáse no



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

momento en que as propietarias das centrais térmicas deben decidir se acometen unha grande inversión para cumprir a Directiva de Emisións Industriais.

Esa Directiva obriga ás empresas a comunicar, antes do 1 de xaneiro do 2014, a súa intención de realizar as reformas necesarias, que son cuantiosas, e, de non acollerse, poderán funcionar 17.500 horas ou como data final, até o 31 de decembro de 2023. Por iso, a pretensión do Goberno Central de limitar, neste momento, as horas de funcionamento das centrais de carbón importado pode supoñer un grave risco para a viabilidade futura destas instalacións.

Dende o BNG consideramos que se o carbón español precisa dun cupo de produción concreto, este debe ser compartido por todas as tecnoloxías de produción eléctrica e non exclusivamente do carbón importado. Dada esta situación e para evitar as previsíbeis consecuencias negativas formulamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galiza inste ao goberno galego a exercer unha defensa activa deste sector produtivo, pois xa temos claras evidencias dos resultados negativos para Galiza que reportaron o seu silencio cómplice co Goberno Central cando este limitou o desenvolvemento das enerxías renovábeis

Asemade a Xunta de Galiza instará ao Goberno Central a:

1. A paralización desta medida concreta na anunciada modificación lexislativa.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

2. A inclusión de Galiza no futuro Plano do Carbón 2013-2018. Debido a que Meirama e As Pontes foron espoliadas agora xa non temos carbón propio, mais dado que están en fase de peche e esta non remata até que as labores de restauración conclúan consideramos que deben ser recollidas no futuro Plan.”

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2013

Asdo.: María do Carme Adán Villamarín

Deputada do G.P. do BNG

Francisco Xesús Jorquera Caselas

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María do Carme Adán Villamarín na data 01/07/2013 10:01:44**

**Francisco Xesús Jorquera Caselas na data 01/07/2013 10:01:54**